

A primeira condición para comprender un texto é localizar a información e seleccionar os contidos máis importantes.

Saber analizar de xeito correcto a información, depende das estratexias que empregue o lector e de como o autor elaborou a información.

O estudante, debe seguir un proceso para recoller a información, que proporciona o texto.

Antes de iniciar a lectura do texto é necesario examinar os contidos que imos estudar.

Os títulos, a introdución, as conclusións, as imaxes... e outros tipos de información gráfica, indican sempre o contido do texto.

Canto máis coñecido sexa o tema, mellor será a comprensión.

A atención e a comprensión dependen estreitamente da experiencia e información previa.

***¿Como anticipamos a información xeral dunha lección ou dos apuntes de clase?***

***1º Ler o título principal e recordar o que sabes sobre iso.*** É importante preparar unha serie de preguntas sobre o título (que é, como ocorre, cando, onde...), intentar respondelas porque para analizar e comprender a relación entre as cousas, acudimos aos coñecementos dispoñibles.

*Emprega a túa experiencia e información que teñas sobre esa materia. Podes anotar brevemente que sabes sobre o tema.*

***2º Ler a introdución e as conclusións do tema.*** Debemos resumir de xeito breve e conciso o contido principal e os aspectos máis importantes do tema. Isto contribúe a distinguir, durante a lectura, o máis interesante dos distintos contidos da lección.

***3º Ler todos os subtítulos do tema.*** A lectura dos títulos, dos apartados, permite coñecer que aspectos concretos do contido xeral se desenrolan. De novo preguntar a cada subtítulo, acerca de que trata, como ocorre, onde cando, para que...e calquera outra cuestión. É útil anotar o que coñeces de cada pregunta.

*Os títulos de cada pregunta ou apartado dun tema, son escollidos para chamar a atención sobre os aspectos que o autor considera máis importantes.*

*Moitas veces os alumnos, están inseguros sobre os contidos máis importantes, xa que ¡todo parece importante!.*

*O título é un criterio moi valioso para localizar os conceptos relevantes.*

*En ocasións, dispoñemos de pouca información e, as veces, equivocada acerca dalgunha materia, incluso entón é útil preguntar ó título para mellorar a concentración e a busca das ideas durante a lectura.*

**4º Ler e interpretar os gráficos, figuras e fotos que ilustran cada apartado ou pregunta.** *Fíxate, le os pés de páxina e as lendas para interpretar os gráficos. As ilustracións se usan sempre para ser exemplo, ordenar, sintetizar ou ampliar a información do texto. As ilustracións tamén facilitan o recordo.*

- ☺ TODAS ESTAS TAREFAS SÓ DEBEN OCUPAR UNS MINUTOS. É IMPORTANTE PRACTICALAS, PERO CON RAPIDEZ, SENÓN INDUCEN Á DISTRACCIÓN.
- ☺ INMEDIATAMENTE DESPOIS PASAMOS A LER O TEXTO

Cando se exercita a lectura temos que poñer en práctica, as seguintes aptitudes para facer posible o aprendizaxe e desenvolvemento intelectual.

**A.-Localización da información**

Antes de ler un texto, facer previamente unha serie de preguntas sobre datos do texto.

**B.- Avaliación da información que se precisa para uns fins concretos.**

Se desenrola ao especificar de maneira precisa e puntual, a cantidade e calidade de datos que se necesitan e saber onde é posible enconralos.

**C.- Organización.** Se logra establecendo unha relación gradual entre os contidos aprendidos, deixando claro os nexos que unen uns conceptos básicos con outros. Destacar o "trigo" da "palla".

**D.- Retención da información.** É consecuencia da capacidade organizativa, pois o aprendido queda estruturado con senso para o estudante, é sinxela a súa integración na súa estrutura cognoscitiva. **(Só se aprende o que se comprende).**

**E.- Expresión e comunicación.** É o que nos permite saber si temos completado o proceso de aprendizaxe. Unha persoa sabe aquilo que é capaz de comunicar aos demais.

Vídeos de you tube recomendados sobre o tema:

<https://www.youtube.com/watch?v=bRLyhkkyOEg>. (información implícita e explícita)

<https://www.youtube.com/watch?v=fmMWwrtYKao> (actividades para fomentar a comprensión lectora nos nenos)

<https://www.youtube.com/watch?v=7hNpXpzc08I> (exercicio de comprensión lectora)

